



Cine na CUT

novembro 2010-febreiro 2011

Todas as proxeccións no local da CUT en Vigo ás oito
Rúa Policarpo Sáenz, 22-2º | www.cutgalicia.org

En colaboración co Cineclube de Compostela

Filmar a Historia

Co convite da CUT de Vigo para presentar a curtametraxe *O proceso de Artaud* (2010) e, máis adiante, *CCCV-Cineclube Carlos Varela* (2005), veume a encomenda de artellar unha escolma de filmes para proxectar cada semana durante tres meses. A condición foi que o Cineclube de Compostela tivese os filmes no seu fondo para poder dispor de copias subtituladas ao galego en tanto fora posíbel. Velaquí:

Este programa camiña entre dúas saídas da fábrica: de marzo de 1895, cando a primeira versión da *Sortie de l'usine Lumière à Lyon*, a 2008, o ano en que Sharon Lockhart filma nos Estados Unidos a saída dos operarios da factoría de aceiro de Bath, en Maine, durante unha semana do mes de xullo. Tamén, a dos traballadores de Can Ricart, no Poblenou de Barcelona, inseridos no proceso de reconversión industrial e de recualificación urbanística da zona para novos usos que o goberno da cidade impuxo co plano 22@ en *Fragmentos de una fábrica en desmontaje*.

Polo medio, trata de apalpar nas fírgoas do século xx para abrir algúns dos puntos de conflito que o configuraron e dende eles pensar o noso tempo: o movemento sindical (*2084* e *The Empty Centre*), a esquerda nos Estados Unidos dos sesenta: os Black Panthers (*IPM-One Parallel Movie*), a especulación monopolística no agro (*A Corner In Wheat*), a persecución e eliminación sistemática de comunidades humanas por motivo de orixe e extracción social (*Fortini-Cani; Respite; Europa, 2005, 27 octubre*), a aprendizaxe (*En rachâchant, Herman Slobbe-Blind Kind II, Entrevista-Finding the Words*), a vida na RDA antes e logo do derrube do muro (*Material*), a folga e a autoxestión (*La reprise du travail aux usines Wonder, Númax presenta*), o transporte e a venda do carbón en China (*L'argent du charbon*) ou o duplo ollar sobre e dende a emigración (*Bs.As.*).

Pairando sobre o século, o filme como obra total: *Le fond de l'air est rouge*. Por traxecto, o percorrido do barco de *At Sea*, que confronta a produción dos estaleiros de Corea do Sur co despece a man dos buques en Bangladesh, amósanos como un mesmo xesto conforma o capitalismo de escala global: tecer nun sitio para destecer noutro.

Ramiro Ledo Cordeiro

Cine na CUT

Filmar a Historia

Todas as proxeccións no local da CUT en Vigo ás oito
Rúa Policarpo Sáenz, 22-2º | www.cutgalicia.org

VENRES|29|OUTUBRO

Presentación de *Non conciliados, argumentos para a resistencia cultural*,
editado polo Cineclub de Compostela (Santiago de Compostela, 2010).

Interven Xiana Arias, Alberto Lema e David Rodríguez.

VENRES|5|NOVEMBRO

2084 (Chris Marker, 1984, 10')

Subtítulos en galego

The Empty Centre (Hito Steyerl, 1998,
62') Subtítulos en galego

VENRES|12|NOVEMBRO

*3 versións da Sortie de l'usine Lumière à
Lyon* (Louis e Auguste Lumière, 1985,
1' cada una)

Exit (Sharon Lockhart, 2008, 41')

Untitled Slide Sequence
(Allan Sekula, 1972)

Fragmentos de una fábrica en desmontaje
(Isaac Marrero, Guillermo Beluzo,
Roberto García, 2007, 46')

XOVES|18|NOVEMBRO

O proceso de Artaud (Ramiro Ledo, 2010,
13') subtítulos en galego

CCCV-Cineclub Carlos Varela (Ramiro
Ledo, 2005, 67')

* Sesión con presenza do autor

VENRES|26|NOVEMBRO

Respite (Harun Farocki, 2007, 38')
subtítulos en galego

Europa, 2005, 27 octobre (Danièle Huillet
e Jean-Marie-Straub, 2005, 10')

VENRES|3|DECEMBRO

Little Flags (Jem Cohen, 2000, 6')

Ciné-tract no. 1968 (Gérard Fromanger e
Jean-Luc Godard, 1968, 3')

IPM – One Parallel Movie (Don Allan
Pennebaker, Richard Leacock, Jean-Luc
Godard, 1971, 90') subtítulos en castelán

VENRES|10|DECEMBRO

A Corner In Wheat (D. W. Griffith, 1907,
13') subtítulos en galego

Fortini/Cani (Huillet, Danièle e Straub,
Jean-Marie, 1976, 83') subtítulos en
castelán

VENRES|14|XANEIRO

Le fond de l'air est rouge
(Chris Marker, 1977, montaxe de 1993,
180') subtítulos en castelán

VENRES|21|XANEIRO

Le fond de l'air est rouge
(Chris Marker, 1977, montaxe de 1993,
180') subtítulos en castelán

VENRES|28|XANEIRO

Material (Thomas Heise, 2008, 166')
subtítulos en galego

VENRES|4|FEBREIRO

At Sea (Peter Hutton, 2007, 59')

L'argent du charbon (Wang Bing, China,
2009, 52') subtítulos en galego

VENRES|11|FEBREIRO

En rachâchant (Huillet, Danièle
e Straub, Jean-Marie, 1982, 7')
subtítulos en galego

Herman Slobbe-Blind Kind II
(Johan van der Keuken, 1966, 29')
subtítulos en castelán

Intervista – Finding the Words
(Anri Sala, 1998, 27')
subtítulos en inglés

VENRES|18|FEBREIRO

Lettre à mon ami Pol-Cèbe (Michel
Desrois, 1971, 16') subtítulos en galego

La reprise du travail aux usines Wonder
(Jacques Willemont, 1968, 10')
subtítulos en galego

Númax presenta
(Joaquín Jordà, 1979, 101')

VENRES|25|FEBREIRO

A soluçom é o socialismo
(Alberte Pagán, 2008, 10')

Bs. As. (Alberte Pagán, 2006, 79')

* Sesión con presenza do autor